



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 22 DE AGOSTO DE 2014

2.- Proposta da Alcaldía relativa a designación de Patrono da Fundación Galicia Obra Social.

Desígnase como representante do Concello de Santiago de Compostela nesta Fundación a Manuel Agís Villaverde (Raxó, Pontevedra – 1963). É catedrático de Filosofía da Facultade de Filosofía da Universidade de Santiago de Compostela e licenciado en Filosofía e Ciencias da Educación por esta mesma institución. Cursou estudos de Postgrao en París e Chicago con Paul Ricoeur e conta cunha longa traxectoria académica en universidades de todo o mundo. Foi vicerreitor de Terceiro Ciclo e Extensión Docente entre 2002 e 2006. Entre as súas distincións destaca a Insignia de Ouro da Universidade de Santiago (2006).

3.- Proposta da Concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible, relativa a desestimación da reclamación previa á vía civil en relación ao requirimento de pago de recibos da Comunidade de Propietarios da Urbanización A Barcia.

Acórdase desestimar a devandita reclamación previa. O Concello ten a titularidade fiduciaria segundo establece a lei a efectos da xestión urbanística cando non se pode establecer a titularidade da propiedade. Neste caso e segundo a sentenza da Audiencia Provincial 309/2011 deixa claro que esta titularidade é formal e aparente, que non converte ao Concello en propietario. Visto isto, a obriga de contribuír aos custes da comunidade segue sendo do propietario, non do Concello. Os citados gastos en beneficio da comunidade deberán esixirse aos propietarios con carácter material e non ao Concello, procedendo e no seu caso, a súa esixibilidade ben á masa hereditaria, ao administrador da herdanza ou no seu caso ao Estado como titular dos inmobles vacantes.

4.- Proposta da Concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible, relativa a aprobación inicial da Modificación puntual dos Plans parciais do SUP-2 (Cornes) e do SUP -3 (Ponte Pedriña).Aparcadoiro Disuasorio.

Apróbase inicialmente a devandita modificación, iniciada de oficio polo Concello co obxecto de regular o uso do aparcamento público en superficie nos terreos situados baixo o viaduto do ferrocarril na zona de Cornes-Ponte Pedriña.

No marco do denominado Plan Sectorial de aparcadoiros disuasorios posto en marcha pola Dirección Xeral de Mobilidade, o Concello pon a disposición da Xunta os terreos máis apropiados para executar o citado aparcadoiro, debaixo do viaduto do ferrocarril en Ponte Pedriña xa que, de feito, xa se está a utilizar como aparcadoiro disuasorio espontáneo. Esta elección permite o aproveitamento dunha infraestrutura existente e organizar dun xeito doado a disposición dos vehículos, evitando así ocupar outros terreos ou zonas verdes de maior valor ambiental.

O acordo sobre a ubicación foi acadado entre a Xunta, o ADIF e o Concello, sendo este último o encargado de encaixar o uso dentro do planeamento vixente ou de modificalo para posibilitar este uso. A parcela na que se desenvolverá o aparcadoiro permitirá habilitar máis de 200 prazas de aparcamento entre vehículos lixeiros (182) e motocicletas (26).

5.- Proposta da Concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible,relativa a Aprobación do Proxecto Modificado de Estabilización do noiro situado na Traseira do edificio na rúa Betanzos.

Apróbase o devandito proxecto modificado, xustificado en base ao informe do arquitecto municipal no que se indicaba que, durante a execución do proxecto, se fora afinando a solución xeotécnica programada inicialmente. As actuacións complementarias a realizar son: aplicación de formigón proxectado para evitar o desprendemento dos noiros e tamén na confluencia dos mesmos; retirada dos escombros, tanto dos que son froito do derrubo dos noiros como dos restos utilizados para que non houbera máis desprendementos e evitar as escorrentías; e reparación da porta do garaxe que fora danada por estes desprendementos.

Este modificado supón un incremento do custo do proxecto en 4.103,19 €, quedando finalmente o orzamento en 48.493,19 € con IVE.

6.- Proposta da Concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible, relativa a Resolución do contrato para execución das obras dunha edificación destinada a Centro Xove de creación cultural da Almaciga.

Resólvese o devandito contrato coa empresa adxudicataria no seu día deste proxecto, o que supón a indemnización, segundo o establecido por lei, do 3% do importe de licitación, neste caso 4.676,26 €.

Esta obra acumulara un retraso por ser subscrito o contrato en abril de 2011 sen que o Concello tivera á súa disposición os terreos. A desafectación dos terreos foi resolta pola Consellería de Educación con data 7 de maio de 2013. Na XGL do 6 de agosto aprobouse a redistribución dos fondo do Urbana Norte, co que se obtivo o crédito que faltaba, 41.113,58 €, para completar o orzamento de licitación para o Centro Xove da Almaciga. Con esa cantidade complétase o orzamento total para poder seguir co procedemento de nova adxudicación, que por un importe de licitación de 229.722,67 €.

7.- Proposta da Concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible, relativa a adxudicación de contrato de Conservación, mantemento e reparación de pavimentos en viarios municipais do termino municipal.

Adxudícase o devandito contrato á empresa Obras y Viales de Galicia, S.L, por un importe de 300.000 € IVE incluído. Os traballos realizaranse dende agora e ata agosto do ano 2015 con posibilidade de prórroga por outro ano. Trátase dun servizo integral, con diferentes tipos de actuacións, como reparación de fochancas de todo tipo, arranxos no asfaltado de calzadas que dan a cunetas, tramos onde haxa que facer ata os cementos, grandes superficies de asfaltado... Ademais, a adxudicataria actuará sobre aqueles vieiros onde por razón de urxencia, necesidade ou demanda veciñal lle requira o Concello.

8.- Proposta da Concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible, relativa a aprobación do expediente e inicio do procedemento de contratación de Obras de acceso zonas altas da Almaciga -Ámbito Santa Clara-Basquiños.

Apróbase o inicio do expediente de licitación para proceder a adxudicación da obra de acceso zonas altas da Almaciga -Ámbito Santa Clara-Basquiños. Esta actuación incluírá traballos como a ampliación de beirarrúas, a eliminación de desniveis e escalonamentos ou a mellora das redes de instalacións, con cambios nos sistemas de subministracións básicas. O orzamento desta obra é de 401.451,03 € IVE incluído e terá unha duración de 5 meses.

9.- Proposta do Concelleiro delegado da Área de Réxime Interior e Administración Pública e da Concellería de Facenda, relativa a Reordenación Órganos Directivos.

Apróbase esta reordenación de acordo á nova estrutura do Goberno, xa que agora as competencias de Informática que viña levando a directora de Área de Facenda serán desenvolvidas polo director de Persoal e Contratación, posto que dependen do concelleiro de Réxime Interior.

10.- Proposta do Concelleiro delegado da Área de Réxime Interior e Administración Pública e da Concellería de Facenda, relativa a adxudicación de contrato de Asistencia Xurídica.

Adxudícase o devandito contrato ao Bufete Roibás e González- Concheiro. Este contrato ten un custo total de 202.084,74 €, distribuídos do seguinte xeito: 01/09/14 a 31/12/14, 31.180,79 € IVE incluído; 01/01/15 a 31/12/15, 102.542,37 € IVE incluído; e 01/01/16 a 31/08/16, 68.361,58 € IVE incluído.

11.- Proposta do Concelleiro delegado da Área de Réxime Interior e Administración Pública, relativa a rexeitamento de recurso de reposición no expediente de contratación do Servizo de axuda no fogar no municipio de Santiago de Compostela .

Rexéitase o devandito recurso, presentado pola empresa GRUPO CARFLOR S.L a raíz do desestimento da licitación realizado no seu día pola mesa de contratación ao entender que a oferta da mesma non garantía a viabilidade económica do contrato. Contra esta decisión, que incluíu tamén a apertura dun novo procedemento aberto de contratación, a devandita empresa presentou recurso de reposición, que é rexeitado por considerar que o acordo adoptado polo Concello é acorde a dereito, polo que non procede.

12.- Proposta do Concelleiro delegado da Área de Réxime Interior e Administración Pública, relativa a rexeitamento de Recurso Especial en materia de contratación no

expediente de contratación do Servizo de axuda no fogar no municipio de Santiago de Compostela.

Rexéitase este recurso, presentado pola empresa referida no punto anterior, neste caso contra o anuncio e pregos de cláusulas da nova licitación convocada, pedindo a súa revocación. Non obstante, a empresa presentou oferta ao novo prego, o que a xurisprudencia entende como aceptación dos termos do mesmo.

13.- Proposta da Concelleira delegada da Área de Economía, relativa a aprobación do expediente e inicio do procedemento de contratación do Servizo de Organización de Mercado no Barrio de S. Pedro.

Apróbase o inicio do expediente de contratación do devandito servizo, dentro das actividades con cargo ao Urbana Norte, cofinanciado pola Unión Europea a través dos Fondos do Programa FEDER. Unha das accións recollidas no Urbana é a de promover a organización de mercados periódicos orientadas, nun primeiro momento a promoción e venda de produtos alimentarios e artesanais, isto é, a recuperación de corredores comerciais. Estes mercados teñen carácter experimental e están destinados preferentemente a comerciantes do barrio. Levaranse a cabo a 2ª e 4ª semana nos meses de novembro e decembro, nos días e horarios que se concreten coas AA.VV do barrio ou cos comerciantes. O orzamento para realizar esta acción será de 25.000 € IVE incluído.

14.- Proposta da Concelleira delegada de Servizos Sociais relativa a aprobación de proxecto e solicitude de subvención a Deputación Provincial para reforma de campo de fútbol de Conxo.

Apróbase o devandito proxecto e a solicitude de subvención, que será de 200.000 euros, segundo comunicou a Deputación ao Concello o 17 de marzo. O proxecto ten un custo total de 367.000 euros e a diferenza achegaraa o Concello. A obra ten un período de execución de dous meses e contempla, basicamente, reemplazar o terreo de xogo por céspede artificial. Vanse ampliar lixeiramente as medidas da cancha actual, e farase unha nova rede de drenaxe e saneamento. Construirase tamén unha beirarrúa e varanda perimetrais. Respectarase o arborado existente e o muro de pedra.

15.- Proposta da concelleira delegada de Servizos Sociais, relativa a dación de conta de diversas subvencións da Deputación Provincial da Coruña.

Dáse conta da concesión pola Deputación da primeira metade da subvención (1.500 €) que outorga ao Concello para a implementación do Programa Activa-Mente 2014. Tamén se notificou o adianto dun anticipo para o Programa do II Congreso de Intervención e prevención da violencia de xénero, que ascende á metade da subvención concedida para esta acción, 15.262,50 €. Finalmente, deuse conta do adianto dun anticipo para o Programa de Acción Socioeducativa para a inclusión social 2014, polo 50% da subvención, 17.775 €.

16.- Recoñecementos Extraxudiciais de Créditos.

Recoñécese o pago por importe de 6.722,75 € en concepto de aluguer de locais onde se sitúan oficinas municipais e que dado que non estaba vixente aínda o contrato veñen a abonarse estes alugueiros por este procedemento, que é o que corresponde segundo a Intervención Municipal.